



O profesorado do ensino concertado mobilízase para esixir acordos dignos

Santiago, 18 de xuño de 2025 – FSIE Galicia convoca, xunto cos sindicatos UGT, USO, CCOO e SNEP, unha concentración o xoves 26 de xuño ás 11:30 horas diante da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, en Santiago de Compostela. A mobilización busca visibilizar a situación do persoal docente e non docente da ensinanza concertada, que leva anos agardando avances nas súas condicións laborais sen resultados efectivos.

“A situación é insostible. Non estamos a pedir privilexios, senón cuestións básicas que levan demasiado tempo paralizadas. A Administración non pode seguir mirando para outro lado”, sinalan desde FSIE Galicia.

Entre os puntos clave que motivan esta convocatoria destacan:



- A implantación da xubilación parcial con contrato de relevo, unha medida digna e necesaria para garantir o relevo xeracional e coidar ao profesorado no final da súa carreira profesional.
- A homologación retributiva e laboral e de carga lectiva co profesorado da ensinanza pública.
- A redución da carga lectiva, especialmente nas etapas máis esixentes.
- A recuperación da paga extraordinaria por antigüidade, suprimida sen xustificación.
- O pago delegado para o persoal de administración e servizos (PAS), fundamental para garantir a súa estabilidade.
- O recoñecemento e implantación do complemento de dinamización lingüística, xa existente no ensino público e clave para fomentar o uso do galego nos centros concertados.

Desde FSIE Galicia denuncian a falta de vontade política por parte da Consellería para abordar estas demandas, a pesar dos numerosos intentos de diálogo e peticións para sentarnos a negociar e dos compromisos adquiridos noutras lexislaturas.

Ademais, lembran que a ensinanza concertada presta un servizo público recoñecido como complementario e no subsidiario por sentenza do Tribunal Supremo de 2016, con milleiros de profesionais que desenvolven a súa labor educativa en condicións que, en moitos casos, están moi por debaixo das do sector público. “Non pode haber unha educación de calidade sen profesionais recoñecidos e dignificados”, insisten.

A concentración do 26 de xuño será un acto unitario e pacífico, cuxo obxectivo é reclamar o que é de xustiza: acordos dignos para a ensinanza concertada, xa.